

## ARTES ESCÉNICAS

O exame consta de 4 preguntas de 5 puntos, das que poderá responder un **MÁXIMO DE 2**, combinadas como queira. Se responde máis preguntas das permitidas, **só serán corrixidas as 2 primeiras respondidas**, / *El examen consta de 4 preguntas de 5 puntos, de las que podrá responder un **MÁXIMO DE 2**, combinadas como queira. Si responde más preguntas de las permitidas, **solo serán corregidas las 2 primeras respondidas**.*

**PREGUNTA 1. Desenvolva un dos dous temas seguintes / Desarrolle uno de los dos temas siguientes:**

**1.1. A ópera como arte escénica. Características principais / La ópera como arte escénica. Características principales. (5 puntos)**

**1.2. A recepción de espectáculos escénicos. O público: concepto e tipoloxías / La recepción de espectáculos escénicos. El público: concepto y tipologías. (5 puntos)**

**PREGUNTA 2. Sitúe a obra no seu contexto histórico e literario. Explique os procesos necesarios para o deseño da posta en escena do texto que se achega, detallando as particularidades das distintas fases que permiten materializar o espectáculo / Sitúe la obra en su contexto histórico y literario. Explique los procesos para el diseño de la puesta en escena del texto que se adjunta, detallando las particularidades de las distintas fases que permiten materializar el espectáculo. (5 puntos)**

*(Se oye la campanilla de la antesala.)*

SEÑORA LINDE. *(Levantándose.)* Lllaman; será mejor que me vaya.

NORA. No, quédate. No aguardo a nadie; con seguridad, es para Torvaldo...

ELENA. *(Desde la puerta.)* Perdón, señora; hay un caballero que desea hablar con el señor abogado...

NORA. Con el señor director, querrás decir...

ELENA. Sí, señora, con el señor director. Pero como el señor director está ahí dentro... no sabía si...

NORA. ¿Quién es ese caballero?

KROGSTAD. *(En la antesala.)* Soy yo, señora.

*(La SEÑORA LINDE, turbada, se vuelve, estremeciéndose, hacia la ventana.)*

NORA. *(Da unos pasos hacia él intrigada, y dice a media voz.)* ¿Usted? ¿Qué hay? ¿Qué quiere hablar con mi marido?

KROGSTAD. Nada: asuntos bancarios... Tengo un modesto empleo en el Banco, y he sabido que su esposo es el nuevo director.

NORA. Pero ¿es que...?

KROGSTAD. Negocios a secas, señora, nada más.

NORA. Pues haga el favor de entrar por la puerta del despacho.

*(Saluda con indiferencia y cierra la puerta de la antesala; luego se acerca al fuego de la estufa.)*

SEÑORA LINDE. Nora... ¿quién es ese hombre?

NORA. Es un tal Krogstad... procurador.

SEÑORA LINDE. ¡Ah!, ¿es él?

NORA. ¿Le conoces?

SEÑORA LINDE. Le conocí... hace años. Fue pasante de procurador de nuestro distrito.

NORA. ¡Ah, sí!, ya recuerdo.

SEÑORA LINDE. ¡Qué cambiado está!

NORA. Creo que ha sido desdichado en su matrimonio.

SEÑORA LINDE. Y ahora es viudo, ¿no?

NORA. Sí, con una caterva de hijos. ¡Ya se anima el fuego!

*(Cierra la portezuela de la estufa y retira un poco la mecedora.)*

SEÑORA LINDE. Dicen que se dedica a toda clase de negocios.

NORA. ¡Ah! ¿Sí?... Puede ser; no sé... Pero no pensemos en negocios; ¡son tan aburridos!

Fragmento de *Casa de muñecas*, de Henrik Ibsen.

**PREGUNTA 3. Desenvolva un dos dous temas seguintes / Desarrolle uno de los dos temas siguientes:**

**3.1. O teatro grego. Características e autores principais / El teatro griego. Características y autores principales. (5 puntos)**

**3.2. O teatro romano. Características e autores principais / El teatro romano. Características y autores principales. (5 puntos)**

**PREGUNTA 4. Sitúe a obra no seu contexto histórico e literario. Explique os procesos necesarios para o deseño da posta en escena do texto que se achega, detallando as particularidades das distintas fases que permiten materializar o espectáculo / Sitúe la obra en su contexto histórico y literario. Explique los procesos para el diseño de la puesta en escena del texto que se adjunta, detallando las particularidades de las distintas fases que permiten materializar el espectáculo. (5 puntos)**

*(O vello achégase a unha das casas. Tralas bambinelas da ventá, adivíñase a sombra de alguén axexando)*

O TÍO SAM: A pobre da Hortensia, palicaba unha vez máis co vento quen sabe de que novos soños frustrados...

*(Descórrense as bambinelas e aparece Dona Hortensia, falándolle a ninguén. É unha vella de aspecto agradable pero alocado)*

O TÍO SAM: ...e O Xeneral Grant, eu chamáballe así polo dado que era a mandar, escondíase tras dunha porta entornada, e axexábao todo con aire de clandestinidade.

*(Un cincuentón raro, con aire entre de crego e de militar dos de sabre, axéxao todo como agardando que dun momento a outro estale unha guerra ou se produza un milagre)*

O TÍO SAM: A ela, aínda que xa estaba alí, eu non a vin ó chegar.

*(Sobre o escaparate da tenda de antigüidades recórtase a silueta dunha muller, aínda que madura, de bo ver. O Tío Sam fúndese con ese tempo da memoria, e sobre o Home da Gabardina cae o escuro ata o facer desaparecer)*

O TÍO SAM: *(Póndose firme con burlona marcialidade)* ¿En que refrega nos veremos envoltos hoxe, meu xeneral?

O XENERAL GRANT: *(Sen deixa-la posición)* Na da caza e expulsión das xitanas. Desta noite non pasa sen que as pille “infragantis” e “aleivosas”, ou sexa, coas mans na masa.

O TÍO SAM: Se veñen.

O XENERAL GRANT: Virán.

Fragmento de *Saxo Tenor*, de Roberto Vidal Bolaño.

## ARTES ESCÉNICAS

O exame consta de 4 preguntas de 5 puntos, das que poderá responder un **MÁXIMO DE 2**, combinadas como queira. Se responde máis preguntas das permitidas, **só se corríxirán as 2 primeiras respondidas**. / *El examen consta de 4 preguntas de 5 puntos, de las que podrá responder un MÁXIMO DE 2, combinadas como quiera. Si responde a más preguntas de las permitidas, solo se corregirán las 2 primeras respondidas.*

**PREGUNTA 1. Desenvolva un dos dous temas seguintes / Desarrolle uno de los dos temas siguientes:**

**1.1. O teatro contemporáneo. Características e autores principais. / El teatro contemporáneo. Características y autores principales. (5 puntos)**

**1.2. O teatro renacentista. Características e autores principais. / El teatro renacentista. Características y autores principales. (5 puntos)**

**PREGUNTA 2. Sitúe a obra no seu contexto histórico e literario. Explique os procesos necesarios para o deseño da posta en escena do texto que se achega, detallando as particularidades das distintas fases que permiten materializar o espectáculo. / Sitúe la obra en su contexto histórico y literario. Explique los procesos para el diseño de la puesta en escena del texto que se adjunta, detallando las particularidades de las distintas fases que permiten materializar el espectáculo. (5 puntos)**

*(Entra un home, tan serio coma ben portado)*

O HOME SERIO: ¿Interrompo algunha conversación familiar?

*(A Señora vólvese e mira para el en silencio. Non sabe que dicir. Os demais apártanse discretamente e eles quedan a un lado e ó outro da praza, mirándose)*

A SEÑORA ELEGANTE: ¿Que ves facer aquí?

O HOME SERIO: Tamén era fillo meu, ¿ou xa o esquechiches?

A SEÑORA ELEGANTE: Non me podería esquecer diso aínda que quixera. ¿Como soubeches onde estaba?

O HOME SERIO: Supúxeno, coñecéndote.

A SEÑORA ELEGANTE: Non cambiaches moito. Segues presumindo de coñecerme.

O HOME SERIO: E ti segues convencida de que non.

A SEÑORA ELEGANTE: Chameite ó despacho e non estabas. Quería se-la primeira en dicircho.

O HOME SERIO: Déronme o recado en canto lles foi posible.

A SEÑORA ELGANTE: ¿Cando chegaches?

O HOME SERIO: Hai un pouco. No último avión.

A SEÑORA ELEGANTE: ¿Víchelo?

O HOME SERIO: Vin. Xa sei que ti non quixeches.

A SEÑORA ELEGANTE: Non puiden. Dixéronme que estaba tan desfigurado.

O HOME SERIO: A xente fala por falar.

A SEÑORA ELEGANTE: Ti había moito que non o vías. Engordara.

O HOME SERIO: Pareceume que estaba coma sempre. ¿Non me vas dar un abrazo?

*(A muller dubida, por fin bótase nos seus brazos entre saloucos)*

A SEÑORA ELEGANTE: Era tan novo aínda.

O HOME SERIO: Sempre o fixo todo demasiado a correr.

A SEÑORA ELEGANTE: Tiña a quen imitarse.

O HOME SERIO: Non tes por que te culpar.

A SEÑORA ELEGANTE: Necesitábao tanto.

O HOME SERIO: Todos o imos botar moito de menos, Carme.

A SEÑORA ELEGANTE: Ninguén tanto coma min.

O HOME SERIO: ¿Onde foi?

A SEÑORA ELEGANTE: Aí, diante desa tenda.

O HOME SERIO: ¡Deus Santo, como é posible que a ninguén se lle ocorrera aínda limpar ese sangue?

A SEÑORA ELEGANTE: Pedinlles eu que non o fixeran.

O HOME SERIO: ¿Por que?

A SEÑORA ELEGANTE: Non sei.

O HOME SERIO: Deberías estar con todos, na casa. Aquí non fas máis que torturarte.

Fragmento de *Saxo Tenor*, de Roberto Vidal Bolaño.

**PREGUNTA 3. Desenvolva un dos dous temas seguintes. / Desarrolle uno de los dos temas siguientes:**

**3.1. Tipoloxía das artes escénicas. / Tipología de las artes escénicas. (5 puntos)**

**3.2. As artes escénicas en Galicia. Etapas históricas, características e autores. / Las artes escénicas en Galicia. Etapas históricas, características y autores. (5 puntos)**

**PREGUNTA 4. Sitúe a obra no seu contexto histórico e literario. Explique os procesos necesarios para o deseño da posta en escena do texto que se achega, detallando as particularidades das distintas fases que permiten materializar o espectáculo. / Sitúe la obra en su contexto histórico y literario. Explique los procesos para el diseño de la puesta en escena del texto que se adjunta, detallando las particularidades de las distintas fases que permiten materializar el espectáculo. (5 puntos)**

*La misma decoración. La mesa, con el sofá y las sillas ha sido trasladada al centro. Sobre ella está una lámpara encendida. La puerta de la antesala está abierta. Se oye música de baile procedente del piso superior.*

*(La SEÑORA LINDE, sentada junto a la mesa, hojea distraídamente un libro. Hace un esfuerzo para leer; pero parece que no puede concentrarse. De cuando en cuando, escucha con atención hacia la puerta.)*

SEÑORA LINDE. *(Mirando su reloj.)* Aún no... y ya ha pasado la hora. Con tal que... *(Escucha de nuevo.)* ¡Aquí está! *(Sale a la antesala y abre con cuidado la puerta del piso. Se oyen pasos por la escalera. En voz baja.)* Pase. No, no hay nadie.

KROGSTAD. *(A la puerta.)* Acabo de encontrar en mi casa una carta suya. ¿Qué significa eso?

SEÑORA LINDE. Necesito urgentemente hablar con usted.

KROGSTAD. ¿Sí? ¿Y tiene que ser en esta casa precisamente?

SEÑORA LINDE. Donde vivo es imposible: mi habitación no tiene entrada independiente. Pase usted; estamos los dos solos: las muchachas duermen y los Helmer asisten a un baile en el piso de arriba.

KROGSTAD. ¿Conque los Helmer están de baile esta noche? ¿De veras?

SEÑORA LINDE. ¿Por qué no?

KROGSTAD. Es cierto.

SEÑORA LINDE. Bueno, Krogstad: vamos a hablar.

KROGSTAD. ¿Tenemos algo de qué hablar nosotros?

SEÑORA LINDE. Mucho.

KROGSTAD. Nunca lo hubiera creído.

SEÑORA LINDE. Es que usted jamás me ha comprendido.

KROGSTAD. No había nada que comprender, esas cosas son muy corrientes en la vida: una mujer sin corazón rompe con un hombre cuando se le presenta otro más rico.

SEÑORA LINDE. ¿Cree usted que no tengo corazón? ¿Que rompí nuestras relaciones sin reflexionarlo?

KROGSTAD. ¡Ah! ¿No?

SEÑORA LINDE. Krogstad, ¿ha creído usted eso, en efecto?

KROGSTAD. Si no es así, ¿por qué me escribió usted en los términos que lo hizo?

SEÑORA LINDE. No podía hacer otra cosa. Resuelta a romper con usted, creí mi deber desengañarlo para que se librara de mí.

KROGSTAD. *(Apretando los puños.)* ¿De manera que fue así? ¡Y todo... por dinero!

SEÑORA LINDE. No debe olvidar que yo tenía una madre inválida y dos hermanos pequeños. No podíamos aguardarle a usted Krogstad; sus esperanzas eran tan lejanas...

KROGSTAD. Puede ser; pero, aun así, no tenía usted derecho a rechazarme y sustituirme por otro.

SEÑORA LINDE. No sé. Muchas veces me lo he preguntado.

KROGSTAD. *(Más bajo.)* Cuando la perdí, fue como si desapareciera bajo mis pies la tierra firme. Míreme ahora, soy un naufrago agarrado a una tabla.

Fragmento de *Casa de muñecas*, de Henrik Ibsen

Curso 2020-21 - Criterios de avaliación  
Artes Escénicas (código 51)

Valorarase situar correctamente a obra obxecto de análise no seu contexto histórico e literario e o dominio das artes escénicas, tanto no aspecto teórico como no deseño da posta en escena do fragmento de texto que se facilita no exame. Neste apartado terase en conta o coñecemento das particularidades das distintas fases necesarias para a montaxe dunha obra. É importante que o alumno saiba identificar, describir e analizar con rigor os diferentes elementos que integran o proceso necesario para a materialización dun espectáculo. Amáis terase en conta a capacidade de argumentación, a coherencia discursiva do relato e a creatividade nos plantexamentos que se fagan á hora de trasladar o texto á escena.

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2020

Asdo.: Xosé Soengas Pérez  
Director do Grupo de Traballo

Curso 2020-21 - Criterios de avaliación  
Artes Escénicas (código 51)

Valorarase situar correctamente a obra obxecto de análise no seu contexto histórico e literario e o dominio das artes escénicas, tanto no aspecto teórico como no deseño da posta en escena do fragmento de texto que se facilita no exame. Neste apartado terase en conta o coñecemento das particularidades das distintas fases necesarias para a montaxe dunha obra. É importante que o alumno saiba identificar, describir e analizar con rigor os diferentes elementos que integran o proceso necesario para a materialización dun espectáculo. Amáis terase en conta a capacidade de argumentación, a coherencia discursiva do relato e a creatividade nos plantexamentos que se fagan á hora de trasladar o texto á escena.

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2020

Asdo.: Xosé Soengas Pérez  
Director do Grupo de Traballo